



# CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas  
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS  
(A Coruña)  
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30  
Telefax 981 75 42 29  
[www.concello-cabana.es](http://www.concello-cabana.es)  
[cabana@concello-cabana.es](mailto:cabana@concello-cabana.es)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

### Asunto: nomeamento de 4 peóns de limpeza viaria para o Programa de Integración Laboral (PEL 2018)

Visto o proceso de selección incoado para a selección dunha cuadrilla de limpeza (4 peóns de limpeza viaria a xornada parcial) e dunha cuadrilla de obras (5 peóns a xornada parcial) ao abeiro do *Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial de A Coruña mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2018* publicado no BOP núm. 94 do 21/05/2018.

Visto que foi presentada unha oferta de Emprego no Servizo Público de Emprego de Carballo para a contratación de 4 postos de peóns de limpeza viaria con data do 07/09/2018, e se remitiron ao Servizo de Emprego do Concello un total de 20 candidatos cos seus respectivos curriculums vitae.

Visto o decreto 502/2018 con data do 20/09/2018 polo que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos para a cuadrilla limpeza viaria composta por 4 peóns, con unha duración de 3 meses a xornada parcial (25h/semana) e onde se fixa a data da proba práctica.

Vistas as actas nº1 e nº2 do tribunal de selección da cuadrilla de obras dos días 21/09/2018 que inclúen a valoración de fase de concurso e a de oposición e a valoración total dos candidatos, así como a proposta de adxudicacións das prazas e a clasificación por orde decrecente das mesmas, e en virtude da competencia que me atribúe o artigo 21.1.g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO**:

**Primeiro:** nomear como PEÓNS DE LIMPEZA VIARIA para a cuadrilla de limpeza viaria do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña (PEL2018) aos seguintes aspirantes:

1. Figueiras García José Antonio
2. Parga Arán Marcos.
3. Pose Martínez Liliana
4. Santos Vidal Adelina.

**Segundo:** outorgar un prazo de 3 días hábiles a contar dende a publicación desta resolución de nomeamento para que os adxudicatarios presenten a documentación necesaria conforme ao establecido na cláusula oitava das bases de selección para a súa posterior formalización do contrato laboral.

**Terceiro:** publicar este acordo no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal, de conformidade co previsto nas bases de selección.

**Cuarto:** dar conta da presente resolución ó Pleno da corporación na vindeira sesión que se celebre e dar traslado á intervención e a tesoureiría municipal.

En Cabana de Bergantiños, documento asinado dixitalmente segundo se indica na banda lateral.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cabana de Bergantiños <https://sede.concello-cabana.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)